



Asunto: anulación de convocatoria de exames

Procedemento: Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA), publicada o día 30.12.2022

Categorías afectadas: Auxiliar administrativo, Xefe de Brigada, Peón Especialista e Peón

1 O día 11.12.2023 a Directora-Xerente de SEAGA ditou unha resolución pola que convocaban os exames da fase de oposición, para as categorías de Auxiliar administrativo, Xefe de Brigada, Peón Especialista e Peón, cos seguintes días, horas e lugar:

Categoría	Data:	Hora:	Lugar:
Xefe de Brigada	mércores, 17 de xaneiro de 2024	16:30	Escola Galega de Administración Pública (EGAP): Aulas número 2, 5 e 6 (planta baixa) <i>Rúa Madrid, 2 - 4</i> <i>Santiago de Compostela (A Coruña)</i>
Auxiliar administrativo e Peón especialista	xoves, 18 de xaneiro de 2024	16:30	Escola Galega de Administración Pública (EGAP): Aulas número 2, 5 e 6 (planta baixa) <i>Rúa Madrid, 2 - 4</i> <i>Santiago de Compostela (A Coruña)</i>
Peón	venres, 19 de xaneiro de 2024	16:30	Escola Galega de Administración Pública (EGAP): Aulas número 2, 5 e 6 (planta baixa) <i>Rúa Madrid, 2 - 4</i> <i>Santiago de Compostela (A Coruña)</i>

Esta resolución publicouse na páxina web de SEAGA: www.epseaga.com.





2 Por mor dun acontecemento imprevisible, incrementáronse as actuacións a emprender polo persoal de SEAGA no exercicio das súas competencias, o que aconsella anular a convocatoria destes exames, deixándoas sen efecto.

Non obstante o anterior, cando se restablezan as condicións ordinarias de traballo, convocaranse novamente con novas datas os exames da fase de oposición, para as categorías de Auxiliar administrativo, Xefe de Brigada, Peón Especialista e Peón.

De acordo con todo o anterior, RESOLVO:

ANULAR a convocatoria dos exames da fase de oposición, para as categorías de Auxiliar administrativo, Xefe de Brigada, Peón Especialista e Peón prevista inicialmente para os días 17 (Xefa de Brigada), 18 (Auxiliar administrativo e Peón Especialista) 19 (Peón) do mes de xaneiro de 2024, deixándoa sen efecto.

Esta resolución publicarase na páxina web de SEAGA: www.epseaga.com, para o seu coñecemento por todas as persoas interesadas.

Santiago de Compostela,

A directora xerente de SEAGA

